

EPAPU “Eduardo Pondal”

Departamento de Xeografía e Historia

Guía didáctica de Historia da Arte. 2º Bacharelato semipresencial

Curso 2025-2026

Horario tutoría lectiva. Aula 1.1 (mañá). Aula usos múltiples (tarde).	Grupo mañá: martes 10:00 a 10:45 Grupos tarde: luns 17:30 a 18:15
Horario tutoría de orientación	mércores 17:30 a 18:15 venres 10:45 a 12:15
Profesor	Jorge Carlos Calle López
Correo	jorgeccalle@edu.xunta.gal
Teléfono do centro	881 960 901 ext 60915

1. MATERIAIS E RECURSOS

- **Libro de texto:** atoparedes un no blogue <https://historiadaartejorge.blogspot.com/>
- **Aula Virtual:** onde aparecerán os materiais empregados na aula, as actividades recomendadas e outros temas considerados de interese.
- **Recursos web:** Neste blogue da EPAPU teredes acceso a diversos recursos e información: <https://historiadaartejorge.blogspot.com/>

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades. É, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá. Proponse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada linguaxe artística esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entreas que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oríentase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas como unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e as técnicas de creación, a función ou as funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os/as artistas e a os/as clientes, as persoas destinatarias da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do/da artista, ou a demanda e o consumo de arte. Canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o/a autor/a da obra pretende transmitir.

3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Grupo mañá martes 10:00 a 10:45

1º TRIMESTRE			
BLOQUES DE CONTIDOS	DATAS	TEMAS	OBRAS
Bloque 2. A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade.	16 setembro	Grecia: arquitectura	Introdución e Partenón.
	23 setembro	Grecia: arquitectura e escultura	Nike Aptera, Erecteion. O Discóbolo de Mirón e o Doríforo de Policeto.
	30 setembro		Métopas da Centauromaquia do Partenón, Hermes con Dionisos de Praxíteles e o Apoxiomenos de Lisipo.
	7 outubro	Roma: arquitectura	O Panteón, o Coliseo, Arco de Triunfo de Tito, Acueduto de Segovia e Teatro de Mérida.
	14 outubro	Arte bizantina e arte prerrománica.	Santa Sofía de Constantinopla. Santa Comba de Bande (visigoda), Santa María do Naranco (asturiana) e San Miguel de Celanova (arte do século X)
	21 outubro	Arte románica.	Catedral de Santiago: arquitectura interior, porta de Platerías, Pórtico da Gloria.
	28 outubro	Arte gótica: arquitectura	Catedral de Reims (fachada occidental), Catedral de León.
	4 novembro	A escultura e a pintura gótica.	Anunciación e Visitación de Reims. Giotto: Capela dos Scrovegni (A fuxida a Exipto),
	11 novembro	A pintura gótica	Van Eyck: o matrimonio Arnolfini e Bosco: o Xardín das Delicias
Do 17 ao 21 de novembro	PROBAS ESCRITAS DA 1ª AVALIACIÓN		

2º TRIMESTRE			
Bloque 2. A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade.	25 novembro	O Renacemento en Italia. Arquitectura.	Alberti, Brunelleschi, Bramante, Miguel Ángel, Vignola e Palladio
	2 decembro	O Renacemento en Italia. Pintura e Escultura.	Leonardo, Rafael, Miguel Ángel e Tiziano. Ghiberti, Donatello, Miguel Anxo, Cellini.
	9 decembro	O Renacemento en España. O Greco y San Lorenzo del Escorial	As características do Renacemento en España. Obras significativas. Grego e o Escorial
	16 decembro	O Barroco en Europa. Arquitectura.	Maderno, Bernini, Borromini, Le Vau, Mansart e Le Nôtre.
	13 xaneiro	O Barroco en Europa. Pintura.	Caravaggio, A. Carracci, G.B. Gaulli, Artemisia Gentileschi, Rubens, Rembrandt.
	20 xaneiro	O Barroco en Europa. Escultura.	Bernini, Algardi
	27 xaneiro	O Barroco en España. Arquitectura e escultura	Juan Gómez de Mora, José B. Churriguera, Pedro de Ribera, Fernando de Casas y Novoa. Gregorio Fernández, Alonso Cano, Pedro de Mena, Luisa Roldán.
	3 febreiro	O Barroco en España. Pintura	Ribera, Velázquez, Zurbarán, Murillo.
Do 9 ao 13 de febreiro		PROBAS ESCRITAS DA 2ª AVALIACIÓN	
3º TRIMESTRE			
	24 febreiro	Goya, artista contemporáneo.	O quitasol, A familia de Carlos IV,

Bloque 3. A arte e as súas funcións na contemporaneidade.	3 marzo	Goya, artista contemporáneo.	O dous de maio, Os fusilamentos do tres de maio, Saturno devorando ao seu fillo,
	10 marzo	Impresionismo e Postimpresionismo.	Manet: O almorzo campestre, Monet: Impresión, sol nacente, A serie da catedral de Rouen, Cezanne: Natureza morta con froiteiro, os xogadores de cartas,
	17 marzo	Impresionismo e Postimpresionismo.	Van Gogh: a noite estrelada, Gauguin: Despois do sermón, O mercado, Seurat: A tarde de domingo na Grande Jatte. Camille Claudel: a idade madura.
	24 marzo	As vangardas: expresionismo, fauvismo, abstracción.	Munch: O grito. Kiechner: A rúa Matisse: A alegría de vivir Kandinsky: Primeira acuarela abstracta
	7 abril	Picasso	As señoritas de Avignon, O retrato de Ambroise Vilard, Naturaleza morta con cadeira de rexilla, O Guernica.
	14 abril	As vangardas: dadaísmo, surrealismo. As artes plásticas na segunda metade do século XX.	Duchamp: A fonte, L.H.O.O.Q Dalí: a persistencia da memoria. Frida Kahlo: a columna rota maruja Mallo: a verbena, Magritte: A chave dos campos. Miró: O carnaval de arlequín. Pollock: Uno: número 31, Tapies: Pintura (1955, Museo Reina Sofia). André: Equivalente VIII, Kosuth: Unha e tres cadeiras, Warhol: Marilyn Monroe, Marina Abramovic: Art must be beautiful Artist must be beautiful, Cindy Sherman: Untitled film still, Louis Bourgeois: Mamá.
Bloque 4. Realidade, espazo e territorio na arte.	21 abril	Arquitectura contemporánea.	Wright: A casa da fervenza, Museo Guggenheim de Nova York Mies van der Rohe: Pavillón alemán en Barcelona, Sagram Building en Nova York. Le Corbusier: A casa Saboya

22 abril	Fin da actividade lectiva en 2º de Bacharelato
Do 27 de abril ao 4 de maio	PROBAS ESCRITAS DA AVALIACIÓN ORDINARIA
Do 1 ao 8 de xuño	EXAMES DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Grupo tarde: luns de 13:30 a 18:15

1º TRIMESTRE			
BLOQUES DE CONTIDOS	DATAS	TEMAS	OBRAS
Bloque 2. A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade.	15 setembro	Grecia: arquitectura	Introdución e Partenón.
	22 setembro	Grecia: arquitectura e escultura	Nike Aptera, Erecteion. O Discóbolo de Mirón e o Doríforo de Policleto.
	29 setembro		Métopas da Centauromaquia do Partenón, Hermes con Dionisos de Praxíteles e o Apoxiomenos de Lisipo.
	6 outubro	Roma: arquitectura	O Panteón, o Coliseo, Arco de Triunfo de Tito, Acueduto de Segovia e Teatro de Mérida.
	13 outubro	Arte bizantina e arte prerrománica.	Santa Sofía de Constantinopla. Santa Comba de Bande (visigoda), Santa María do Naranco (asturiana) e San Miguel de Celanova (arte do século X)
	20 outubro	Arte románica.	Catedral de Santiago: arquitectura interior, Porta de Platerías, Pórtico da Gloria.
	27 outubro	Arte gótica: arquitectura e escultura.	Catedral de Reims (fachada occidental), Catedral de León. Anunciación e Visitación de Reims.
	10 novembro	A pintura gótica.	Giotto: Capela dos Scrovegni (A fuxida a Exipto), Van Eyck: o matrimonio Arnolfini e Bosco: o Xardín das Delicias
Do 17 ao 21 de novembro	PROBAS ESCRITAS DA 1ª AVALIACIÓN		

2º TRIMESTRE			
Bloque 2. A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade	17 novembro	O Renacemento en Italia. Arquitectura.	Alberti, Brunelleschi, Bramante, Miguel Ángel, Vignola e Palladio
	24 novembro	O Renacemento en Italia. Pintura e Escultura.	Leonardo, Rafael, Miguel Ángel e Tiziano. Ghiberti, Donatello, Miguel Anxo, Cellini.
	1 decembro	O Renacemento en España. O Greco y San Lorenzo del Escorial	As características do Renacemento en España. Obras significativas. Grego e o Escorial
	15 decembro	O Barroco en Europa. Arquitectura.	Maderno, Bernini, Borromini, Le Vau, Mansart e Le Nôtre.
	12 xaneiro	O Barroco en Europa. Pintura.	Caravaggio, A. Carracci, G.B. Gaulli, Artemisia Gentileschi, Rubens, Rembrandt.
	19 xaneiro	O Barroco en Europa. Escultura.	Bernini, Algardi
	26 xaneiro	O Barroco en España. Arquitectura.	Juan Gómez de Mora, José B. Churriguera, Pedro de Ribera, Fernando de Casas y Novoa.
	2 febreiro	O Barroco en España. Pintura.	Ribera, Velázquez, Zurbarán, Murillo.
	3 febreiro	O Barroco en España. Escultura.	Gregorio Fernández, Alonso Cano, Pedro de Mena, Luisa Roldán.
Do 9 ao 13 de febreiro	PROBAS ESCRITAS DA 2ª AVALIACIÓN		
3º TRIMESTRE			
	23 febreiro	Goya, artista contemporáneo.	O quitasol, A familia de Carlos IV, O dous de maio, Os fusilamentos do tres de maio, Saturno devorando ao seu fillo,

Bloque 3. A arte e as súas funcións na contemporaneidade.	2 marzo	Impresionismo e Postimpresionismo.	Manet: O almuerzo campestre, Monet: Impresión, sol nacente, A serie da catedral de Rouen, Cezanne: Natureza morta con froiteiro, os xogadores de cartas,
	9 marzo	Impresionismo e Postimpresionismo.	Van Gogh: a noite estrelada, Gauguin: Despois do sermón, O mercado, Seurat: A tarde de domingo na Grande Jatte. Camille Claudel: a idade madura.
	16 marzo	As vangardas: expresionismo, fauvismo, abstracción.	Munch: O grito. Kiechner: A rúa Matisse: A alegría de vivir Kandinsky: Primeira acuarela abstracta
	23 marzo	Picasso	As señoritas de Avignon, O retrato de Ambroise Vilar, Natureza morta con cadeira de rexilla, O Guernica.
Bloque 4. Realidade, espazo e territorio na arte.	13 abril	As vangardas: dadaísmo, surrealismo. As artes plásticas na segunda metade do século XX.	Duchamp: A fonte, L.H.O.O.Q Dalí: a persistencia da memoria. Frida Kahlo: a columna rota maruja Mallo: a verbena, Magritte: A chave dos campos. Miró: O carnaval de arlequín. Pollock: Uno: número 31, Tapies: Pintura (1955, Museo Reina Sofia). André: Equivalente VIII, Kosuth: Unha e tres cadeiras, Warhol: Marilyn Monroe, Marina Abramovic: Art must be beautiful Artist must be beautiful, Cindy Sherman: Untitled film still, Louis Bourgeois: Mamá.
	20 abril	Arquitectura contemporánea.	Wright: A casa da fervenza, Museo Guggenheim de Nova York Mies van der Rohe: Pavillón alemán en Barcelona, Sagram Building en Nova York. Le Corbusier: A casa Saboya

22 abril	Fin da actividade lectiva en 2º de Bacharelato
Do 27 de abril ao 4 de maio	PROBAS ESCRITAS DA AVALIACIÓN ORDINARIA
Do 1 ao 8 de xuño	EXAMES DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación utilizados serán principalmente as probas escritas (exames), das que se tirará a nota da cualificación da materia. No obstante, resérvase a posibilidade de computar un 10% a realización de actividades, traballos, etc.

- Realizaranse tres avaliacións, coincidindo cada uha delas co final dun trimestre.
- A finais de cada avaliación, nas datas establecidas polo centro, realizarase un exame.
- Os exames incluírán preguntas teóricas (vocabulario e contextos) e preguntas de clasificación e análise de obras artísticas.
- A cualificación da avaliación será a da nota do exame. Non obstante, poderá reservarse ata un 10% da nota da avaliación para a valoración de traballos e exercicios, en función da dispoñibilidade de elementos avaliábeis.
- A nota de final de curso será a nota media das diferentes avaliacións.

No exame da segunda e da terceira avaliación ofrecerase ao alumnado a posibilidade de recuperar a avaliación anterior non superada. Na avaliación ordinaria o alumnado realizará só as avaliacións que teña suspensas. Na avaliación extraordinaria acudirán con toda a materia, independentemente de ter algunha avaliación aprobada. A non asistencia á clase levará consigo a perda do dereito á avaliación continua.

-O alumnado que non segua o proceso de avaliación continua realizará a proba global ordinaria.

5. CONTIDOS MÍNIMOS

Considéranse para aprobar tamén o amosar unha boa disposición cara a materia, con esforzo e interese persoal, que fagan posible a consecución de destrezas e coñecementos nos distintos aspectos de cada tema, que a continuación se enumeran:

- Saber expoñer coherentemente oralmente e por escrito as ideas, con corrección léxica, ortográfica e gramatical.
- Saber buscar información utilizando información de fontes variadas, incluídas as TICs.
- Utilizar adecuadamente o vocabulario específico dos distintos temas estudados.
- Saber recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características dos distintos estilos artísticos incluídos no programa, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Saber explicar a función social da arte en cada sociedade, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Saber clasificar, analizar e comentar as obras seleccionadas, aplicando un método que responda a diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).